


## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/07/2020 8:53:32

SAIDA

8363/20



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 63/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito do 19 de xuño de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2020, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

Único. [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19 de Xuño de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a falla de execución da Resolución do 7 de febreiro de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se lle concede acceso, previa disociación dos datos de carácter persoal, ao acordo de peche de período de actuacións previas por actuacións fora do perímetro de explotación para o aproveitamento de recursos da sección A) nomeada Trinidad nº 277, do 21 de outubro de 2019.

O reclamante indicaba que a [REDACTED] con data do 11 de xaneiro de 2020 presentou reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia porque, a pesar do tempo transcorrido, non tiña recibido da Consellería de Economía, Emprego e Industria resposta á nosa solicitude. (Expediente RSCTG 9/2020). Con data do 7 de febreiro de 2020 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo resolve permitir o acceso solicitado, sen que ata a data se lles dera acceso á documentación solicitada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

A reclamación presentada pola [REDACTED] non ten por obxecto a impugnación da Resolución de 7 de febreiro de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se lle concede o acceso á información solicitada, senón impugnar a súa falla de execución, mediante a entrega da documentación sobre á que se lle recoñeceu o dereito de acceso.

De acordo co anterior, ao non ser competente a Comisión da Transparencia de Galicia, de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 1/2016, para resolver sobre a execución da resolución ditada, procede, de conformidade co artigo 116.1. a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, inadmitir a reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data do 19 de xuño de 2020, contra a falla de execución da Resolución do 7 de febreiro de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se lle concede acceso, previa disociación dos datos



de carácter persoal, ao acordo de peche de período de actuacións previas por actuacións fora do perímetro de explotación para o aproveitamento de recursos da sección A) nomeada Trinidad nº 277, do 21 de outubro de 2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA

DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.07.23 17:32:17 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**